

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP16I01KT</b>	<b>UCP/2022/85</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6M0R 042V 5G1C 6W45 0A48</b>	

MMM

Mª del Carmen Martínez Mosquera, secretaria da mesa xeral de contratación do Concello de Culleredo constituída con carácter permanente por acordo plenario do 29 de xuño de 2015, cuxa composición foi modificada por acordos do Pleno adoptados en sesións de 22 de febreiro de 2018 e de 15 de xuño de 2020.

Para este acto mediante resolución núm. 2231/2022, nomease como presidenta da Mesa Xeral de Contratación a Dona. Isabel Buján Bernárdez

**CERTIFICA:**

Que a Mesa Xeral de Contratación en sesión celebrada o 25 de novembro de 2022 adoptou, entre outros, os seguintes acordos relativos ao expediente de contratación do servizo denominado "Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023" (código de expediente UCP/2022/85):

**"PRIMEIRO.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2022/85, Lote 1: Cultura.**

Polo Presidente recórdase aos asistentes que na sesión de 18/11/2022 acordouse declarar a oferta presentada polo licitador ESPROADE, SL incura en presunción de conter valores anormalmente baixos e requirir ao precitado licitador a xustificación da súa oferta.

O 18/11/2022, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, requiriuse a ESPROADE, SL a xustificación da súa oferta, concedéndolle prazo para a súa presentación ata as 23:59 horas do 25/11/2022. Durante o prazo concedido presenta a xustificación requirida.

A continuación procédese á lectura e análise do informe emitido polo xefe de servizo de cultura e educación, Pablo Bouza Suárez, sobre a xustificación da oferta presentada por ESPROADE, SL, no que conclúe:

*"Analizada a documentación xustificativa presentada pola empresa obsérvase:*

- Unha adecuada xustificación dos prezos ofertados para o que se tivo en conta que o maior compoñente de gasto é o gasto de persoal, que aparece xustificado en base á multiplicación do número de días a contratar polo número de monitores e o salario e custos salariais. Os multiplicandos utilizados son coherentes co PCAP, co PCT e coa oferta presentada.*
- Que o volume de servizos xa contratados polo licitador, en relación cos medios persoais e materiais de que dispón, permite xustificar a relación existente entre os traballos que teña contratados ou en execución e os medios persoais e materiais de que dispón."*

Os membros da mesa xeral de contratación, visto o informe técnico ao que se fixo referencia e unha vez analizada a xustificación dos valores da oferta, acordan aceptar a proposta presentada por ESPROADE, SL, xa que consideran xustificada a súa oferta ao explicar satisfactoriamente o prezo proposto.

A Mesa Xeral de Contratación, acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Licitador	Oferta económica	TOTAL FASE II
ESPROADE, SL	60,00	60,00
SERVIPLUSTOTAL, SL	50,36	50,36
A BILLARDA	54,76	54,76

Procédeuse a clasificación das ofertas segundo a puntuación obtida:

Nº Orde	Licitador	TOTAL FASE I	TOTAL FASE II	PUNTUACIÓN TOTAL
---------	-----------	--------------	---------------	------------------

1 de 3

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP16I01KT</b>	<b>UCP/2022/85</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6M0R 042V 5G1C 6W45 0A48</b>	

1	ESPROADE, SL	39,00	60,00	99,00
2	A BILLARDA	32,00	54,76	86,76
3	SERVIPLUSTOTAL, SL	32,50	50,36	82,86

**SEGUNDO.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2022/85, Lote 2: Deporte**

Polo Presidente recórdase aos asistentes que na sesión de 18/11/2022 acordouse declarar a oferta presentada polo licitador ESPROADE, SL incura en presunción de conter valores anormalmente baixos e requirir ao precitado licitador a xustificación da súa oferta.

O 18/11/2022, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, requíriuse a ESPROADE, SL a xustificación da súa oferta, concedéndolle prazo para a súa presentación ata as 23:59 horas do 25/11/2022. Durante o prazo concedido presenta a xustificación requirida.

A continuación procédese á lectura e análise do informe emitido polo xefe de servizo de deportes e participación cidadá, Carlos Puyol Fernández, sobre a xustificación da oferta presentada por ESPROADE, SL, no que conclúe:

*"Analizada a documentación xustificativa presentada pola empresa obsérvase:*

- Unha adecuada xustificación dos prezos ofertados para o que se tivo en conta que o maior compoñente de gasto é o gasto de persoal, que aparece xustificado en base á multiplicación do número de días a contratar polo número de monitores e o salario e custos salariais. Os multiplicandos utilizados son coherentes co PCAP, co PCT e coa oferta presentada.*

- Que o volume de servizos xa contratados polo licitador, en relación cos medios persoais e materiais de que dispón, permite xustificar a relación existente entre os traballos que teña contratados ou en execución e os medios persoais e materiais de que dispón."*

Os membros da mesa xeral de contratación, visto o informe técnico ao que se fixo referencia e unha vez analizada a xustificación dos valores da oferta, acordan aceptar a proposta presentada por ESPROADE SL, xa que consideran xustificada a súa oferta ao explicar satisfactoriamente o prezo proposto

A Mesa Xeral de Contratación, acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Licitador	Oferta económica	TOTAL FASE II
ESPROADE, SL	60,00	60,00
SERVIPLUSTOTAL, SL	49,96	49,96
A BILLARDA	49,52	49,52
ILITIA MEDITERRÁNEA	52,21	52,21

Procédese á clasificación das ofertas segundo a puntuación obtida:

Nº Orde	Licitador	TOTAL FASE I	TOTAL FASE II	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ESPROADE SL	39,75	60,00	99,75
2	SERVIPLUSTOTAL SL	34,50	49,96	84,46
3	A BILLARDA	34,00	49,52	83,52
4	ILITIA MEDITERRÁNEA	28,00	52,21	80,21

**TERCEIRO.- Proposta de adjudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/85, para adjudicar o contrato de "Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023"**

A Mesa Xeral de Contratación, por unanimidade, acorda propoñer ao órgano de contratación adjudicación de ambos lotes do servizo de referencia á empresa ESPROADE, SL. con CIF B15664816, no prezo ofertado de:

- Lote 1. Escuelas culturais: 25,29 €/hora máis IVE (20,90 € máis 4,39 € en concepto de IVE)

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP16I01KT</b>	<b>UCP/2022/85</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
<b>6M0R 042V 5G1C 6W45 0A48</b>	

- Lote 2. Escolas deportivas: 22,87 €/hora máis IVE (18,90 € máis 3,97 € en concepto de IVE)

por ser a oferta máis vantaxosa economicamente. Previamente deberá de presentar a documentación sinalada no PCAP, para o que se lle concederá un prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento.”

E para que conste, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e para os efectos da súa incorporación ao expediente da súa razón, expido a presente de orde e co visto e prace da Sra. Presidenta da mesa xeral de contratación, en Culleredo, á data da sinatura dixital.

Vº e prace

A Presidenta da Mesa Xeral de Contratación

C.I.F. P-1503100-H